

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es**ANUNCIO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA Á SELECCIÓN DUN XEFE DE BRIGADA TEMPORAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS 2026. VALORACIÓN DE MÉRITOS. Expte 2026/E001/000012.**

A Laracha, 22 de xullo de 2026

Sendo as 10.15 horas, os/as integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo dun xefe de Brigada temporal de prevención e defensa contra incendios 2026, reúnen no Viveiro de empresas do Concello para a súa constitución efectiva e valoración de méritos.

Os/as asistentes son os seguintes empregados/as públicos/as do Concello da Laracha nomeados por Resolución de alcaldía núm. 1790/2026 de 21.07.2026:

De seguido declárase constituído o Tribunal cualificador de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das que os distintos membros son coñecedores, aprobadas por Resolución da alcaldía núm. 1507/2026 de 30.06.2026.

Posteriormente, procédese á valoración dos méritos alegados polos aspirantes para a fase de concurso, que tal e como se indica na base sexta, será previa á fase de oposición.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 50 horas. Tampouco se valorarán os cursos de antigüidade maior a 15 anos.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas

A experiencia profesional deberase acreditar a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e, inescusablemente, a copia do contrato, certificación de servizos prestados expedida pola administración correspondente no caso de servizos prestados para unha administración pública. En ningún caso serán valorados méritos non acreditados documentalmente.

Finalizada a valoración de méritos, faise público o resultado da fase de CONCURSO:

XEFE BRIGADA/ APELIDOS E NOMES	EXPERIENCIA -4 ptos-	FORMACION -2 ptos-	TOTAL CONCURSO -6 ptos-
Muiño Bello, Iván	0	1.50	1.50

O Tribunal concede **dous días hábiles**, dende a publicación do correspondente anuncio no taboleiros de edictos da sede electrónica, para a presentación de alegacións aos resultados da fase de concurso, de conformidade co disposto na base sexta da convocatoria aprobada por Resolución da alcaldía núm.1507/2026 de 30.06.2026.

Lémbrese que **as dúas probas** da fase de oposición (aptitude física e test) terá lugar o **día 23.07.2026 a partir das 9.15** horas no baixo da Biblioteca da Laracha segundo conta na Resolución





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

de alcaldía núm. 1790/2026 de 07.2026:

-Proba de aptitude física (banco): as 9.15 horas no baixo da Biblioteca da Laracha.

-Proba tipo test: a continuación na Casa da Cultura de Laracha.

A Presidenta do Tribunal

